



FEDERACIÓN GALEGA DE  
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS  
FEDAS - CMAS



## CARTA DE INVITACIÓN

Malpica, 13 de xullo de 2020

Estimados compañeiros de mergullo:

Prácenos comunicarvos que o día 9 de agosto de 2020 celebraremos o CAMPIONATO GALEGO DE FOTOGRAFÍA SUBMARINA 2020 - I TROFEO ILLAS SISARGAS, organizado polo noso Club, o CAS Buceo Malpica, en colaboración coa Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS).

Este campionato, o único puntuable esta tempada para a clasificación para o Campionato de España de Fotografía Submarina - NAFOSUB 2020, terá lugar en augas de Malpica, na zona do espigón do porto. Agardamos que as condicións do mar sexan as axeitadas para que os equipos participantes poidan amosar todo o seu potencial fotográfico así como a beleza dos fondos mariños e a biodiversidade das nosas augas.

A competición, que dará comezo ás 8:30 da mañán coa formalización das inscricións, rematará arredor das 15:00 horas.

A pesares da situación que estamos a vivir e dos protocolos dos que temos que dar bo cumprimento, desde o CAS Buceo Malpica queremos animarvos a que participedes nesta proba, que conta co apoio e colaboración da FEGAS e do Concello de Malpica.

CAS Buceo Malpica.